

# A primavera silandeira

Carla Souto

14 DIC 2023 - 10 MAR 2024

Carla Souto, 1994. A Coruña, ES  
Actualmente residindo en Madrid, ES

Nacida no inverno rodeada de castiñeiros. Case primavera.

Recentemente estudou un Máster en Escultura na Universidade de Lisboa (Portugal). É graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo (España). Durante este tempo, recibiu bolsas para estudar como Freemover na especialidade de Arte Multimedia na Universidade do Porto (Portugal) e Artes Visuais, Artes Escénicas e Moda no CEART-UDESC en Florianópolis (Brasil).

O seu traballo foi exposto en Sant Andreu Contemporani (Barcelona), Sala Amadís (Madrid), ART Mustang (Elxe), Galeria Monumental (Lisboa), Pazo da Cultura de Pontevedra e Museu da Imagem e Som de Florianópolis (Brasil) entre outros lugares onde chegou a parar.

Entre os seus premios, Carla conta con VI Bolsa Puénting de profesionalización artística e INJUVE 2019 en modalidade de Producción. Tamén participou recentemente nas Residencias Artísticas da Bienal de Cerveira 2017 en Portugal e KH Messen de Noruega; da calor do sur ao desexo da primavera setentrional.

*Pregúntome sobre cousas que pasan sobre o chan. A interacción entre a natureza e o espazo público e como a*

*política de territorios define os nosos comportamentos.*

*Como unha flor fai todo parecer máis bonito.*

.....

As malas herbas escorregaban entre as árbores, entre as fendas do muro de pedra, aliábanse cos insectos; afundíanse nas profundidades da terra para coller pulo.

Non lle importou, compartiría o xardín con elas. Atrapou coa cámara aquela maleza teimosa, lugar de lembranzas da súa infancia, de caos, raíces e lama. A natureza e a memoria, borrosas, volvéronse pintura. Intercambiaron textura e materia. Brancos, verdes, azuis e brétema.

Pero o resto do xardín morría cada inverno. As ramas espidas envexaban ás malas herbas e á súa eternidade insistente.

Ela, inqueda pola fugacidade do seu oasis, buscou alianzas das que naceron xestos e días. Aniñouse entre as pedras, presionou a terra, fundiu os metais. Moldeou pequenas culleres de prata: brotaron no xardín protexidas por madeira e espiñas.

Non quería deter o tempo, só retardalo, postergar a beleza do que nace e morre.

Esperanzada, deitouse nun leito de herba. Dos seus soños xurdiron ramas de latón e bronce que trepaban cara ao traveseiro da súa cama. Florecían a cada bafo, enredábanse nun dosel de zume.


Espertouse tres segundos, tres séculos máis tarde. Sentada nunha cadeira de aceiro, dúas flores de cobre, de longos talos, acompañaron a curva das súas costas e a da súa conciencia.

E os seus pensamentos volveron a ser pintura. Ela e o reloxo fixeron alquimia: cinco pranchas de cobre transformáronse en azuis, verbas e óxido. Dúas linguaxes a dúas velocidades: o tempo terá a última palabra.

A primavera, silandeira, avanza constante e leve. Agatuña polas paredes e escribe no aire. Delicada caligrafía de ramaxe que muta en bronce, bronce que muta en escultura e acariña o corpo.

Ansiámos ser natureza perenne, dilatar a primavera, que camiñe amodiño pola nosa pel, polo noso xardín, polos obxectos e os corpos que amamos; que demore en chegar o inverno.

Ana G. Chouciño



- |  |   |   |  |  |  |   |
|--|---|---|--|--|--|---|
| <p><b>1</b><br/><i>Crecremento</i><br/>Pintura<br/>Óleo sobre papel<br/>150x100 cm</p> | <p><b>2</b><br/><i>Primeiro xesto</i><br/>Culleres<br/>Pezas únicas<br/>Plata 925</p> <p><i>Xesto I</i><br/>12x7x1 cm<br/>Peso 16,14 g</p> <p><i>Xesto II</i><br/>11x2,5x1,4 cm<br/>Peso 20,12 g</p> <p><i>Xesto III</i><br/>13,3x2,2x1,2 cm<br/>Peso 18,57 g</p> <p><i>Xesto IV</i><br/>13x2,3x0,4 cm<br/>Peso 14,4 g</p> <p><i>Xesto V</i><br/>12x7x1 cm<br/>Peso 16,14 g</p> <p><i>Xesto VI</i><br/>11x2,5x1,4 cm<br/>Peso 20,12 g</p> <p><i>Xesto VII</i><br/>13,3x2,2x1,2 cm<br/>Peso 18,57 g</p> <p><i>Xesto VIII</i><br/>13x2,3x0,4 cm<br/>Peso 14,4 g</p> | <p><b>3</b><br/><i>Descanso</i><br/>Cabeceiro<br/>Bronce e latón oxidados<br/>106x76x7 cm<br/>Peso 300gr aprox.</p> | <p><b>4</b><br/><i>Reflexión</i><br/>Cadeira<br/>Bronce<br/>108x35x35 cm</p> | <p><b>5</b><br/><i>Preto</i><br/>Corset<br/>Prata oxidada<br/>25,5x11x11 cm<br/>Peso 29,75 g</p> | <p><b>6</b><br/><i>Xardín (serie)</i><br/><i>Reflexión n.1</i><br/><i>Reflexión n.2</i></p> <p>10x15x7 cm<br/>Cobre oxidado, madeira</p> | <p><b>7</b><br/><i>O que é folla ou florecer (serie)</i><br/>Pezas únicas</p> <p><i>Movemento VI (Peza de perna)</i><br/>14,8x16,5x2,5 cm<br/>Peso 7,5 g<br/>Bronce e latón bañ. oro de 24k</p> <p><i>Movemento III (Anel)</i><br/>Bronce e latón bañ. oro de 24k<br/>4,9x2,2x0,8 cm<br/>Peso 2,36 g</p> <p><i>Diadema (Peza de cabeza)</i><br/>Bronce e latón bañ. oro de 24k<br/>18x43x3,5 cm<br/>Peso 30 g aprox.</p> <p><i>Movemento IV (Peza de man)</i><br/>Bronce e latón bañ.oro de 24k<br/>7x4x9,6 cm<br/>Peso 4,06 g</p> <p><i>Corpo (Peza de corpo)</i><br/>Bronce e latón bañ. oro de 24k<br/>36x40,5x3 cm<br/>Peso 30 g aprox.</p> <p><i>Movemento II (Anel)</i><br/>Bronce e latón bañ. oro de 24k<br/>2x2,5x0,7 cm<br/>Peso 2,10 g</p> <p><i>Movemento I (Anel)</i><br/>Bronce e latón, bañ. oro de 24k<br/>1,7x1,5x1,1 cm<br/>Peso 1,15 g</p> <p><i>Movemento V (Peza de hombro)</i><br/>Bronce e latón bañ. oro de 24k<br/>19,5x21x9 cm<br/>Peso 20 g aprox.</p> |
|--|---|---|--|--|--|---|



Descárgate la *playlist* (Spotify) que escuchaba Carla mientras sembraba y hacía crecer las piezas de esta exposición.